

REVISTA ESCOLAR ESPERPENTO



Nº 30 xuño 2010



CEIP CAMPOLONGO - PONTEVEDRA



EDITORIAL

Dende o quiosco virtual que nos ofrece Internet e aproveitando as novas canles e soportes comunicativos, achegámonos outro ano máis á Comunidade Escolar neste remate de xuño, co renovado compromiso de impulsar a nosa realidade educativa e lingüística desde este voceiro.



Esperpento comeza unha nova andaina, non desbotando polo momento a edición en papel, e convértese na soleira imprescindible que contribúe ao fomento da lingua -nese incerto transcorrer do galego na escola-, cunha vontade de aposta a prol da nosa cultura, fondeada cara o leito da desmemoria e co paradoxo dun futuro con movementos voraces na súa contra.

A maxia da cibercultura axúdanos a espertar moitas ilusións: as das nenas e nenos que ven publicadas –e así, compartidas- as súas emocións e creacións, nesa ventá dixital onde quedan recollidos os momentos máis relevantes do acontecido neste curso e sobre todo, que detrás de cada imaxe, texto ou composición se amosan as experiencias, os sentimentos e as sensibilidades dos que nelas aparecen.

Consideramos necesario tirar do prelo unha entrega onde se recollen os encontros didácticos, as convivencias e prácticas formativas dentro da nosa Comunidade e coa estremeira Portugal, feitos que nos erixen coma transmisores de vangarda dos valores educativos que atesoura o noso quefacer diario.

Somos partícipes, con estas palabras de agradecemento e agarimo, do recoñecemento e recordo a **Julio Gulín Rivera**, agora que pasa ao retiro desa profesión á que lle dedicou a maior parte da súa vida e dos seus esforzos, despois de longos anos de traballo ben realizado cunha traxectoria de proveitoso maxisterio e incondicional entrega á ensinanza. Desexámoslle moitos parabéns na compañía da súa familia e amigos.

Lembramos ao alumnado de Sexto que con dedicación e entusiasmo rematou a Primaria. Agardamos o mellor para a nova etapa que comezan, e que os seus esforzos e arelas se vexan recompensados cunha morea de éxitos. Campolongo é, sempre será a vosa escola, o fundamento do hoxe na preparación que levades gardada para o porvir que vos abeira conxugado coa palabra adeus.

Esperamos que saibades atopar nesta revista o celme da nosa escola, acollédea con ledicia, viaxade pola frescura das súas follas, fermoso agasallo das rapazas e rapaces para toda a Comunidade Educativa, que agarda un verán de merecido descanso, orientado cara un mar de ondas azuis adiviñando sorrisos de xerfas na area.

Revista: Esperpento Nº30

Año de publicación: 2010

Colabora: Comunidade Educativa de Campolongo

Dirección e coordinación: Equipo de Normalización e

Dinamización Lingüística

O noso agradecemento a todos os que colaboraron na elaboración da Revista Esperpento

ENDL DO CEIP CAMPOLONGO





SUMARIO

Editorial.....	2
Sumario	3
Poderosa poesía.....	4
Visita ao mercado	5
Ourense.....	6
Outono.Magosto.Cantigas.Cantar de cego.....	7-16
Mascotas.....	17
Liga multideporte.....	18
Nadal.....	19
Perdeuse Estreliña.....	20-21
Terceiro encontro galego UNESCO	22-23
Querido papá	24
A Paz	25
Polis por un día.....	26-27
Entroido	28-30
Camelia.....	31-33
Xacobeo 2010.....	34-41
Educación Infantil.....	42-52
Xadrez.....	53-55
Agasallos	56-57
A primavera.....	58
Blogue Normalización.....	59
O Porto.....	60-61
A auga.....	62-63
Día da poesía.....	64
A cidade das árbores.....	65
As rutas do sexto A.....	66-71
Día do Libro.....	72
Aurora Vidal Martínez.....	73
Seguridade vial.....	74
A nena das flores.....	75
O maio.....	76-77
Correlingua.....	78-79
Uxío Novoneyra.....	80-87
Xinzo de Limia	88
Teatro na escola.....	89
Premio Chorima.....	90
Xogos na rede	91
Río Gafos.....	92
Ría de Pontevedra.....	93
Xubilación Julio Gulín.....	94
Orla de 6º.....	95



PODEROSA POESÍA

Poderosa poesía

Oh rainha miña!

Eres golosa

Sabedora de encantos

Illa do amor

Alertas dos males

Na noite e no día

Ensinas o amor

Cantas no mencer

Estremeces coa túa mirada

Suave e deliciosa



As cousas da natureza

Raiz da literatura

Irmán da cultura


A festa da escola.

Cuarto A





VISITA AO MERCADO




O día 5 de novembro fomos de visita ao mercado municipal. Ao chegar fixeron dous grupos para a visita. Un dos grupos foi ver as cámaras frigoríficas. Hai unha para carne, outra para peixe, outra para as verduras e outra especial para fabricar xeo co que conservar os alimentos. Despois, este grupo, recorreu os postos dos distintos alimentos: peixe, maíz, carne, verduras, froitas e outros alimentos.

Aprendimos as diferenzas dos peixes pola súa cola. Os peixes azuis teñen a cola ondulada e os brancos seguidos. Tamén coñecemos as tres maneiras de conservar os peixes: salgado, ahumado e conxelado.

Mentres, o outro grupo foi facer a compra simulada. Cada un levaba unha lista cos alimentos que quería comprar. Despois, a guía fixo unha revisión da compra e amosounos como algúns produtos non eran boos para a saúde e outros estaban caducados. Tamén había alimentos ben escollidos. O remate de cada grupo foi facer o que dixera o outro. O final regaláronnos un folheto para alimentarnos saudablemente.

colectivo 4ºB






OURENSE

En Galicia, Ourense
 Hai moitas cousas nas que te podes fixar
 Como os monumentos históricos
 Que te voos a contar.

A Ponte Romana,
 As Burgas fermosas,
 A Catedral da cidade,
 Son moi vistasas.

O Pórtico do Paraíso.
 O Santo Mouro na igrexa está,
 Na fachada de Sta. María.
 Ourense que fermoso vai.

Na Praza Maior
 Todas se reúnen
 Para divertirse
 Como en Ningares.



Alejandro C. Alberto Cima
 Diego Auña Pablo Valiño

5°C



OUTONO

En outono comenza o curso!
Volvese a estudar!!!

Levántase a veda, os aves emigran,
vense bandadas no ceo,
son as aves que emigran!!!

É tempo de compotas,
dous e marmelos!
Que sabedeiriños!!!



As follas das árbores caeran!
De moitas cores serán!!!



Patricia Feriña Dapena
3º B



O Outono



Ada 6ºC




No **Outono**, co inicio do curso, presentáronse moitos traballos. Non se poden recoller todos neste xornal. Moitos deles pódense ver tanto na páxina do colexio como no bloque : "**nlcampolongo**" (do ENL).

As cestas gañadoras no concurso **Froitos de Outono** foron as seguintes:

- 1º Premio- Alexander Beloso Alonso (6º A)
- 2º " - Zeltia Pino Rodríguez (6º C)
- 3º " - Lucia Ferrer Doporto (4º B)






O Outono II



O ADEUS AS FOLLAS

O outono xa chegou,
as follas no chán están,
e os pés suspiros lles avvicinarán.
Non choredes follas
que o vento,
convocávos xa que hoxe
estai contento.
O sol acostanse antes
e con frío empeza a chegar
eu colleo o paraguas
pois xa empeza a chispear.

Clara (6ºB)



Diferentes traballos recollidos durante O Outono.
Con tódalas celebracións desta data:
O Magosto, Os Froitos de Outono e o Samaín, enchéronse os corredores de cores de outono, dourados e torrados.



CASTAÑAS DO OUTONO

**As castañas ... ¡qué ricas están!,
pero no verán poucas haberá,
a min gústame recollelas,
tanto a mañá como polo serán.**

**Verdes ourizos do soutiño,
que na árbore están a medrar,
deles sacamos castañas,
e... ¡qué saborosas de probar!**


**Os castiñeiros da miña aldea,
están a rebentar,
de doces froitos do outono,
que neste poema estamos a louvar.**

ENIA POUSEU BLANCO 3º C



Como fazer um Magosto

- 1º Recollemos fentos secos, leña e piñas para prender o lume.
- 2º Buxamos un lugar axeitado para a fogueira.
- 3º Acendemos o lume.
- 4º Botamos castañas nas brasas ou na grella.
- 5º Comemos castañas nos cucuruchos.
- 6º Apagamos a fogueira e recollemos o lixo.



Daniel Fortes 3ºB



O Magosto

No magosto canto
e a pena espanto,
no magosto bailo
e alegría traio

As castañas no lume
botan chispas e fume.

No magosto entra o frío
e co lume me abrigo;
no magosto as mans quente
co lume fumento.

As castañas no lume,
botan chispas e fume.

No magosto xogo
castañas como;
no magosto píntome con carbón
e divírtome un montón.

As castañas no lume,
botan chispas e fume.

Rosalía García Níguez

CANTIGAS DO MAGOSTO



Este **Magosto** foi tamén cantareiro, **os de 4º** deleitáronnos cunhas cantigas feitas por eles mesmos ó ritmo do Cantar de Cego. A verdade é que o fixeron bastante ben .
Como outras moitas cousas máis, **pódense escoitar** case tódalas as estrofas no vídeo do **bloque do ENL** (en Poesía). Fixemos un vídeo en meteuse en **Youtube**.

“A Castaña”

Unha pequena castaña
caeu do ourizo unha tarde
para alegrar o outono
e cantar no Magosto

Chegou un vendaval
as follas todas voaron
a castañiña no solo
chorando estaba de pena.

Cando chegou o Magosto
sentiu moito medo
xuntouse cunhas follas
para que no a colleran.

Chegou un neno moi traste
e deulle unha patada
foi a parar a un burato
que estaba cheo de maxia

Hai magosto en Campolongo
hai barullo e trangallada
nenas e nenos xogando
mentres asan as castañas

Todos xuntos celebramos
esta festa relembra
coas lérias dos rapaces
e as castañas asadas.

Xa estamos no outono
Cae a folla sen parar
Preparamos o magosto
E todos xuntos a xantar.

Nin choiva nin treboada
Impedirá no magosto
Comer castañas asadas
Coma se fose agosto.

A novembro xa chegamos
Os ourizos xa caeron
Das castañas saboreamos
Pois, moitos delas comeron.

Facemos a "castañada"
No colexio Campolongo,
Se tardas quedas sen nada.
Queres un cornete longo?

No colexio Campolongo
Asamos ricas castañas,
Para facer o magosto,
O venres (martes) pola mañá.

Se ti queres vir a festa
non dubides un momento
moitas castañas na cesta
e o fume vaise co vento.

Preparamos o magosto
Con ledicia e con humor
Para tomar as castañas
E pintarnos con carbón.

Neste día de outono
Todos imos gozar
Os pequenos e maiores,
imos todos festexar!

Vén connosco ao magosto
Vén con nós imos xogar,
A pisar as follas secas
E cantigas entoar.

Alumnado de 5º

O magosto xa chegou
o patio da nosa escola
temos xogos e castañas
tamén temos merendola.

Xa chegou noso magosto
canto podemos xogar
come castañas connosco
que ben o imos pasar.

Amañan uns cucuruchos
Para botar as castañas
Fan una rolda no patio
E a papar lambetadas.

As castañas asadiñas
os nenos as meterán
dentro do seu cucurucho
e despois as comerán.

No magosto nós cantamos
e as castañas comeremos.
xogamos a moitos xogos
Ai que ben o pasaremos!.

Castiñeiro con ourizos
ateigados de castañas
nestes tempos outonizos
todos imos apañalas.

Este outono de tronada
Imos todos a argallar
Un magosto e "castañada"
Que será para lembrar.

6º

Vén connosco ao magosto.
Vén con nós imos xantar
As deliciosas castañas
Que contigo has de levar.

O magosto magostiño,
Moitas ledicias nos dá,
Pois baixo as súas cantigas,
Todos imos a bailar.

No magosto magostiño,
Todos imos xogar,
Cos xogos tradicionais,
para sempre gozar.



CASTAÑIÑAS REDONDIÑAS

**Cando as follas a caer están
despedíndose do ardente verán,
énchense os castiñeiros
de verdes ourizos con castañas
que no ar andan a brincar.**

**Redondiñas castañiñas
da árbore se desprenden sen parar,
con agarimo as apaño
asadiñas ... ¡ qué boas están!.**

**Aínda que as grises nubes do outono
procuran o ceo tapar,
no soutiño de verdes cores
os ourizos, coma soles,
se empeñan en brillar.**

ADA POUSEU BLANCO 6º C



Cantar de cego dos de 4º

cantiga magosto carmela.AVI

A CASTAÑA

Unha pequena castaña
caeu do ourizo unha tarde
para alegrar o outono
e cantar no Magosto.

Este **Magosto** foi tamén cantareiro, os de 4º deleitáronnos cunhas cantigas feitas por eles mesmos ó ritmo do Cantar de Cego. A verdade é que o fixeron bastante ben .

Como outras moitas cousas máis, **pódense escoitar** case tódalas as estrofas no **bloque do ENL** (en Poesía). Fixemos un vídeo en meteuse en **Youtube**.

Velaí as coplas deste fermoso **Cantar de Cego**:


“A Castaña”

Unha pequena castaña
caeu do ourizo unha tarde
para alegrar o outono
e cantar no Magosto

Chegou un vendaval
as follas todas voaron
a castañiña no solo
chorando estaba de pena.

Cando chegou o Magosto
sentiu moito medo
xuntouse cunhas follas
para que no a colleran.

Chegou un neno moi traste
e deulle unha patada
foi a parar a un burato
que estaba cheo de maxia



ENDL




CANTAR DE CEGO QUINTO E SEXTO



<p>Miñas donas e señores Poñan moita atención, nenas e nenos escoiten que comeza a función</p>	<p>Benvido sexa o Magosto Na campaña do outono Veñen para Campolongo Coas castañas no colo.</p>	<p>Tamén hai risas e xogos E presa por merendar Despois de botarlle un grollo Veña todos a tisanar</p>
<p>Este cego vai contar Unha historia verdadeira Se me permite falar Mentres arde a fogueira.</p>	<p>Tamén hai risas e xogos E presa por merendar Despois de botarlle un grollo Veña todos a tisanar</p>	<p>O lume foi morrendo E a leña apagando Con ledicia e diversión A festa vai rematando</p>
<p>Vin andando pola rúa Axudado do bastón, Para dicir catro lerías Como manda a tradición</p>	<p>Xa se escoitan as cantigas Con letriñas ben rimadas. Son as cousas das rapazas E das coplas entoadas.</p>	<p>Se me escoitan atento, Se lle gusta este prego, Queden vostedes contentos Que xa se marcha este cego...</p>
<p>Falareivos dunha festa Que lembraremos na memoria Que se comen as castañas No patio da escola.</p>	<p>A mañá uns cucuruchos Para botar as castañas, Fan una rolda no patio E a papar lambetadas</p>	<p>Magosto</p>




Mascotas



Julia




Alicia




Amalia




María




Alba



Paula



Sara



Dana

Aquí temos algunhas das mascotas presentadas no concurso que se fixo este ano para acompañar ó ENL (Equipo de Normalización Lingüística do colexio). Arriba, á esquerda, temos a **mascota retocada**, xunto coa orixinal de **Julia Reguera Penela (6ºA)**. O lema gañador, que acompañou a Mundiño, foi **"A nosa lingua na túa boca"**, de **Alba Morcillo Castro (4ºC)**.

Comentar que elixir o gañador foi moi difícil, foron moitos os debuxos presentados e moitos deles moi competitivos. Este concurso de mascotas e lemas farase tódolos cursos, queremos que cada ano se renove o debuxo que nos vai acompañar. Esperámonos ver a todos, agás os de sexto, no próximo concurso.

Nos debuxos temos por orde, despois da gañadora, a Alicia Pedrosa Rodríguez (4ºC), a Amalia Ferrer Doporto (4ºB), a María Rivas Sánchez (4ºC), a Alba Morcillo Castro (4ºC), a Paula Otero López (4ºC), a Sara Cortegoso Lima (6ºC) e a Dana Rey Carballo de 5ºC.

ENDL

Liga Multideporte



Escudos de catro dos equipos que xogaron a Liga Multideporte .

Durante **dous meses, abril e maio**, estivemos xogando a varios xogos e deportes **nos recreos**: Os luns a **brilé**, os martes, a **fútbol**, os mércores a **voleibol**, os xoves a **balonmán_rugbi** e a **baloncesto** e os venres a **bádminton**. Xunto cos que presentaron escudos estiveron tamén os seguintes equipos

Puntos e clasificación

- | | |
|--|---------------------------|
| 1. Fitipaldis (6ªA) (1): Alberto G, José S, Sara, Henar, Luís F, Enrique | 6º - 5 1/2 |
| 2. Lóstregos (6ªA): Adriana F, Laura D, Anaí L, Julio Chaos, Lucía Otero, Eva Murio. | 3º - 10 puntos |
| 3. Onda (6ªA): Cristina, Sofía, Julia, Victoria, Javier, Alberto Abad. | 3º - 10 puntos |
| 4. P e G (6ªB): Sara B, María, Eva, Sofía, Sara, Adrián, Laila. | 5º - 6 1/2 |
| 5. Irregulares (6ªB): Helvia, Sara G, Rosalía, Andrés, Iago, Ángel, Jorge. | 2º - 13 puntos |
| 6. As divinas six (6ªC): Marta V, Marta S, Paula R, Paula V, Zeltia, Ada. | 8º - 4 puntos |
| 7. A Pandilla : Lucía, Olga, Teresa, Fátima, Nerea, Alex. | 12º - 1 punto |
| 8. Cenutrios (5ªA): Daniel, Cristian, Borja, Adrián, Jorge, Jacobo | 6º - 5 1/2 |
| 9. Amazonas (5ªA): Lydia, María M, Raquel C, Silvia P, Helena M, Francisco C. | 10º - 2 1/2 |
| 10. Cachas Tolas (5ªA): Manu, Pablo, Julio, Vanesa, Carmén V, | 4º - 8 puntos |
| 11. Lexión Americana (5ªA): Alfonso, Andrés, Paula, Cristina, Lara, Carmen. | 8º - 4 puntos |
| 12. Os Guindillas (5ªB) (12): Alexandre, Pablo, Sergio, Jorge, Adrián, David P. | 4º - 8 puntos |
| 13. Os Anónimos . (5ªC): Javi T, Álvaro, Martín R, Pedro, Mario R, Manuel. | 8º - 4 puntos |
| 14. Pontevedra (5ªC): Dani, Susana, Miguel S, Hugo, Pablo V, Pablo S. | 6º - 5 1/2 |
| 15. Os Invencibles (6ªC): Bea, Anxo, Antón, Itziar, Clara, Dani. | 1º - 13 1/2 puntos |
| 16. Os Galácticos (6ªC): Joaquín, Martín, Mateo, Álvaro, Miguel, Andrés, Luís. | 11º - 1 1/2 |
| 17. As Five Girls (5ªC) e (6ªB): Sara, Irene, Dana, Henar, Dagmawit, Alex e Santi. | 9º - 3 puntos |
| 18. Os últimos de Filipinas (6ªB): Marcos, Pablo, Javier, Luís Enrique, Luís Lores, Fran. | 3º - 10 puntos |
| 19. As Supernenas (5ªB): María, Esther, Noelia, Julia, Arancha, Alba, Blanca | 8º - 4 puntos |
| 20. Os Galegos con sorte (5ªB): Juanjo, Bruno, Mon, David F., Pablo A, Diego. | 7º - 5 puntos |

E. Física. Terceiro Ciclo



Nadal 2009



MARIO
5 anos




Mar (1º A)




Amalia (4º B)



Dana 5º C




Rosalia (6º B)



Lucía (4º B)

FELIZ NAVIDAD Y PRÓSPERO AÑO NUEVO
ZORIONAK ETA URTE BERRI ON
BO NADAL E PRÓSPERO ANINOUO
BON NADAL I FELIÇ ANY NOU



Luís L. (6ºB)

Aquí temos en primeiro lugar a **tarxeta de Nadal** que se enviou a toda a comunidade educativa **cos catro gañadores dos diferentes ciclos**: Mario Suárez García (Infantil), Mar Gómez Tomé (1º Ciclo), Amalia Ferrer Doporto (2º Ciclo) e Dana Rey Carballo (3º Ciclo). Debaxo temos outras que quedaron finalistas, entre estas están: Rosalía García Míguez (3º Ciclo), Lucía Ferrer Doporto (2º Ciclo) e Luís Lores Segade (3º Ciclo).

ENDL



Perdeuse Estrelina

Era noite. As estrelas xogaban alegremente e coma de costume a lúa non deixaba de observalas. Cando chegou o día, a lúa contou as estrelas para ver se faltaba algunha: "Unha, dúas, tres, catro... novecentos noventa e nove mil..."

- Oh! Falta unha! É a pequena Estrelina!

- É a miña filla! É a miña filla! - berrou a señora Estrela - Temos que ir buscalaaa...! - berraba como unha tola mentres zarandeaba a lúa.



- Ben, pero tranquilízate - dixo Catalina un chisco mareada - Chamarei a Lorenzo para que busque por todos os recunchos do ceo, xa que agora nós, non podemos saír, os irmáns volveríanse tolos se ven ao sol e a lúa o mesmo tempo.


Entón Catalina marcou o número de teléfono de Lorenzo:

- Tirrin, tirrin! -

- Si? Quen é? - preguntou Lorenzo.

- Son Catalina. Teño un problema e que quería pedir a túa axuda. A pequena Estrelina desapareceu. Sabes ti algo dela? - preguntou a lúa preocupada.

- Non, non sei nada, pero falarei coas nubes, as mellor saben onde está.






Pasaba o tempo e Estreliña non aparecía. Todos estaba preocupadas sobre todo a Señora Estrela.

A noticia extendeuse por todo o espacio pero ninguén sabía nada dela. Xa era noite, o ceo estaba máis oscuro que de costume porque as estrelas estaban tan tristes que apenas lles quedaba luz para iluminalo.

De súpeto cando todos pensaban que endexa mais atoparían a Estreliña, un brillante e espléndido cometa inundounos de luz. A medida que se achegaba íase reconecendo. Era a avoa cometa! Na súa cola ía sentada unha estrela, pero non unha estrela calquera... Era Estreliña! Fora coa avoa a descubrir as galaxias.

Para celebrar a súa volta fixeron unha gran festa.



Alicia Pedrosa
4º C



Organización das Nacións
Unidas para a Educación, a
Ciencia e a Cultura



Escolas Asociadas á
UNESCO



2010 "Ano Internacional da Biodiversidade e o Diálogo entre Culturas"

3º ENCONTRO GALEGO DAS ESCOLAS ASOCIADAS DA UNESCO.

Asistimos ao congreso en representación do centro oito alumnas e dos alumnos entre cinco e once anos e un grupo de terceiro e outro de sexto nivel de primaria uns 25 alumnos e alumnas que cantaron e tocaron unha canción africana na clausura do acto que se celebrou no



Pazo da Cultura de Pontevedra nos días 14/15/16 de Xaneiro de 2010.

Nos presentamos un traballo sobre Exipto feito por os nenos e nenas de 5 anos e o intercambio có colexio Carlos M. de Céspedes de La Habana Vieja..

Catro nenas de cuarto curso Amalia, Alba, Lucía e Irene eran reporteiros no Congreso e entrevistaron ao Concelleiro de Educación Sr. Castelo acerca do seu traballo no Concello

Tamén entrevistaron á Coordinadora estatal Sra. Da Rufina Moreno lle preguntaron sí ela tivo a idea do plan das escolas asociadas a UNESCO e ela lles dixo que non, que as ESCOLAS UNESCO naceron en Francia, no ano 1953 e de alí se distribuíron por toda España.





2010 "Ano Internacional da Biodiversidade e o Diálogo entre Culturas"



Tivemos outros obradoiros: O obradoiro de elaboración de instrumentos, onde nos ensinaron a facer un cantagalos cunha póla de loureiro, a carriza e o mirlitón. O de biodiversidade, onde nos ensinaron a orixe do pergameo e a escritura; como facer o papiro e finalmente fixemos cademiño de notas E por último o obradoiro de YOGOTE, onde nos ensinaron a comunicarnos en varias linguas, como o wolof, italiano, indonesio, francés, inglés, turco e árabe. Os xestos axudaban a entendernos mellor..

Non todo foi traballar. Fixemos unha visita por Pontevedra para que os nenos e nenas de outras partes de Galicia do congreso a coñeceran e ademais acabamos xogando no patio do colexio con outros nenos e nenas de Pontevedra das escolas Unesco.



Por primeira vez o noso colexio recibiu nenas e nenos procedentes de outras familias e tanto as nais, os pais e o alumnado o pasaron moi ben xuntos e queremos volvelo a facer o ano que ven.

EQUIPO UNESCO



Querido papá:

Xa queda pouco para que volvas con nós. Non traballes moito...que xa sabes o cansado que estás logo. Ah! e xa podes durmir tranquilo porque no colexio un policía municipal deunos unhas recomendacións para que non nos pase nada cos coches na rúa.



Para que saibas que estiven atenta vouche dicir o que nos aprenderon:

Por exemplo, agora sei que ademais de mirar ao cruzar a rúa non podo facelo nunha curva, pois nese lugar é difícil ver ben se vén algún coche. Díxonos tamén que polas noites temos que levar chaleco reflector ou roupa branca cando imos pola estrada. E sabes? o primeiro que fixen cando cheguei a casa foi chamar á avoa para que o faga porque eu vina moitas veces volver da leira vestida de negro e non a vía ben.

O que non sabía é que era perigoso andar polo bordo da beirarrúa, por ese motivo cando levo ao primo Anxo ao parque imos pegados á parede. Cando volvas de Barcelona lembra que o meu casco para a bici quedoume pequeno e non me atrevo a usala sen el; pois non quero que me pase coma ti que fixécheste unha brecha na cabeza e, agora que non tes pelo, nótase moitísimo; así que en lugar de xoguetes podes traerme un casco novo. Pero non penses que todo o que nos dixeron era para nós senón que ti tamén tes que cumprir unhas normas, por exemplo na viaxe de volta recorda poñer o cinto e nin se te ocorra chamar polo móbil. Moitos bicos e ata pronto.

Helena

P.D: E aínda queda o mellor: imos facer prácticas nunhas pistas!


Helena Martín Herrero 5ºA



Día da Paz

Día da paz

A canción da paz deste curso



Irmaus (Celso Emilio Ferreiro)

Camiñan ao meu rente moitos homes,
Non os coñezo. Sonme estranos.
Pero tí, que te alcontras alá lonxe,
máis alá dos desertos e dos lagos,
máis alá das sabanas e das illas,
coma un irmáu che falo.
Si é túa a miña noite,
si choran os meus ollos o teu pranto,
si os nosos berros son igoales,
coma un irmáu che falo.
Anque as nosas palabras sean distintas,
e ti negro i eu branco,
si temos semellantes as feridas,
coma un irmáu che falo.
Por enriba de tódalas fronteiras,
por enriba de muros e valados,
si os nosos soños son igoales,
coma un irmáu che falo.
Común temos a patria,
común a loita, ambos.
A miña mau che dou,
coma un irmáu che falo.

Este ano escolleuse para cantar o Día da Paz o poema "**Irmaus**", de Celso Emilio Ferreiro.

Recordamos que a escolla faise entre tódolos directores dos centros de ensino de Pontevedra.

Os de infantil e os de 5º foron a un acto que se celebrou na Ferraría. Logo continuaron a xornada no noso pavillón do colexio.

Cantouse, xa no pavillón, o poema co ritmo que o canta o grupo Fuxan os Ventos.

Houbo, tamén, varios grupos que cantaron e leron outros poemas en distintas linguas. Os de sexto cantaron tamén en inglés.

ENDL



POLICIA POR UN DIA


O día 9 de febreiro, os nenos de 4ºB, fomos de visita á comisaría da Policía local de Pontevedra. O policía David, guiounos por toda a comisaría.

Ensinounos o ximnasio, onde todos os policías, antes de saír, fan ximnasia.

Despois, subimos o sitio onde se explica a cada policía o que debe facer, cando chega á comisaría. Alí vimos dous vídeos reais de accidentes.

Polo pasello que había o lado, chegamos ata onde estaban as cámaras de vixilancia. Vimos toda a cidade, e encantounos. Logo, baixamos e vimos o sitio onde se agochaban as pistolas. Estaba ben pechado, pois dironos que tiña que estar así para que ningún, que non fose un policía, as puidese coller.

Cando rematamos, saímos e vimos os vehículos que usaban os policías e tivemos a sorte de subir á camioneta.



Logo fomos á calle Serra, onde está o mercado. Alí, tres nenos: Javier M., Omar e Alberto, co policía David, puxeron multas aos coches mal aparcados. Pero perdonáronlles a multa de 90€ e déronlles un libro de educación vial: "1 Pulga, 5 amigos e 1 tándem" de Fena Casal de Rey.

Ó final fomos ó garaxe para que tamén nos desen ese libro.

Gustounos moito e aprendimos que os nosos actos inflúen moito na vida de outras persoas.

Colectivo 4º B.



ENTROIDO 2010



NESTE ENTROIDO A NOSA MESTRA SORPRENDEUNOS CUNHA ACTIVIDADE NOVA QUE CONSISTÍA EN FACER UNAS CARETAS, PERO NON AS TÍPICAS CARETAS DE CARTÓN, SENÓN OUTRAS MOITO MAIS ELABORADAS, DE ESCAIOLA. FOI MOI DIVERTIDO, PORQUE ESTÁBAMOS TODOS OS COMPAÑEIROS XUNTOS; RINDO, XOGANDO, ENSUCIÁNDONOS.

PUXÉMOSLLES; OS OLLOS , A BOCA, AS CELLAS, O NARIZ, MAIS GRANDES CUN POUCO DE PAPEL DE PERIÓDICO CON COLA. PUXÉMONOS MANS Á OBRA E TIVEMOS QUE DEDICAR VARIOS DÍAS, A SÚA CONFECCIÓN. CUSTOUNOS E MANCHAMOS MOITO, PERO VALEU A PENA . O PRIMEIRO QUE FIXEMOS FOI CORTAR EN TIRAS AS NOSAS VENDAS E MOLLALAS PARA PEGALAS NUN MOLDE QUE LLE DARÍA FORMA. DESPOIS, DEIXÁMOLAS SECAR, E POR ULTIMO PINTÁMOLAS PARA QUE LUCIRÁN NA EXPOSICIÓN. ESTABAN PRECIOSAS, FERMOASAS.

DESDE MODELOS SEN DEBUXO ATA CORES RECHAMANTES ATA CORES APAGADAS VOOU A NOSA IMAXINACIÓN.

SEXTO A



O ENTROIDO EN PONTEVEDRA

O Entroido xa chegou con festas e disfraces, tamén co loro Ravachol e con tradicións de antes.

Doces e sorrisos vacacións e diversión, todas xuntas forman a mellor combinación.

O día do Ravachol todos de negro vamos, montan a antiga botica e pola súa morte todos choramos.

Polas rúas, no Entroido de todo ti podes ver: un indio, unha serea e hasta un enorme cempés.

Para os nenos moitas tradicións hai tirar ovos, manchar con spray pero ningunha como poderse disfrazar .



Clara Revenga Sierra 6 C



O ENTROIDO EN OURENSE

O sábado 15 fun a Ourense , onde se fan os Entroidos máis ancestrais, como en Verín ,Laza, Viana do Bolo , Xinzo de Limia ...

En Verín fun de **CIGARRÓN**, que é un personaxe que antigamente ía pedindo polas casas a recadación para o Rei ,ían tapados cunha máscara para que non os recoñecesen e se che resistías pegábanche coa zamarra. Había uns douscentos Cigarróns no desfile, tamén carrozas, como a do Alakrana, coches da 2º guerra mundial...



O peliqueiro


Facía moito frío. Tamén estiveron personaxes de Viana do Bolo, chamados, **BOTEIROS**.



O boteiro


En Laza os personaxes máis brutos chamados **PELIQUEIROS**, eles pegan moi forte coa súa zamarra. Nós íamos vestidos con chuvasqueiros, porque alí tirábanche formigas rabiosas, bostas, fariña ...

En fin, o que nos botaban era unha porcallada .Tamén baixaba a Morena ,que é unha cabeza de cabra de Madeira que tirada por uns homes ía dando cornadas ao que non se apartara.



O cigarrón

Os personaxes de Xinzo chámanse **PANTALLAS** ,e



A pantalla

se lle rompes as súas vexigas de porco tes que pagar unha botella de viño. E como non o luns Fariñeiro , que é o día en que na praza maior todos teñen un saco de fariña que van tirando a toda a xente. Que risas botamos !

Miguel Domínguez de Jesús Torres 6 C



A MIÑA CAMELIA

CARLOTA
3B

Camelia, Camelia
fermosa coma unha
estrela.

Esta é a miña Camelia.
Te fixen de papel para non
acabar coa túa vida.
Porque es moi fermosa
e as túas follas brillan
coma o sorriso, Camelia...



CAMELIA FERMOUSA

No mundo moitas flores hai,
a camelia unha delas é,
xa que é tan bonita,
todos a queren ter.

Camelia, camelia,
mira como eres famosa,
nun campo de flores,
ti eres a máis fermosa.

Alejandro Conde Centeno 5 C
Alberto Cuenca Chacón 5 C





A CAMELIA NO ANO SANTO

**Polo camiño de Santiago
neste ano a camelia paseará
pola: Catedral de Santiago, a Porta Santa
e moitos máis monumentos visitará.**

**Nos sombreiros dos peregrinos
a camelia lucirá,
levaranse de moitas cores
e á típica cuncha substituirá.**

**No colexio este ano
a exposición da camelia un novo título terá:
"O Camiño de Santiago
a Camelia pisará".**

**Os nenos, redaccións,
poesías e debuxos presentarán,
pero de entre todos eles
algún afortunado gañará.**

Clara Revenga Sierra 6° C



XACOBEO 2010


Santiago Apóstolo era irmán de Xoán e fillo de Zebedeo e Salomé. O rei Herodes era contrario á predicación dos Apóstoles, por iso mandou prender a Santiago e despois deulle morte. Conta unha lenda que os seus amigos coleron o seu corpo e

SANTIAGO

trauxéronno nunha barca desde Xerusalén ata Galicia para enterralo.

Durante moito tempo a tumba do apóstolo estivo desaparecida, ata que un ermitán chamado Pío a atopou.


O redor do sartego de mármore onde estaba a tumba, fixeron primeiro unha pequena igrexa e coma via xente de toda Europa, o rei mandou ampliada e o corón da igrexa fóronse construindo edificios ata formar a cidade de Santiago.



Helena Martín
5-A



No século XII, o Papa Calisto concedeu á cidade a celebración de Aمة santa cando o día 25 de Xullo coincide en domingo, así pódese gañalo xubileo e obtelo perdón dos pecados.



Carmen García 5ª



Os peregrinos que viñan a Santiago de Compostela chegaban de todos os países de Europa. O nome de Santiago adquiriu tal sona que se difundiu por Europa con diferentes formas: En Galicia Xacobe, Jaco, Xaim e Santiago, en Francia Jacques, en Inglaterra James, En Portugal Tiago



XACOBEO 2010

Camiños de Santiago en Europa




María Maseda 5ºA.

Raquel Colmán 5ºA



Os peregrinos poden chegar a Santiago por calquera medio, pero o certificado de ter rematada a peregrinaxe, é dicir, a Compostela, só se lles dá a os peregrinos que fan o camiño a pé, en bici ou a cabalo a lo menos durante 100 quilómetros.



Cando un peregrino chegaba a Santiago na Idade Media era costume marcar unha cuncha de vieira, e así converténdose nun símbolo da peregrinaxe.

Lara Gómez C.
Vanessa Millán H. 5º A



OS HOSPITAIS DO CAMIÑO

Desde os primeiros, o longo do Camiño, construíronse hospitais e albergues para acoller os peregrinos.

XACOBEO 2010

IDADE MEDIA

Mandato do señor Mestre Xeral da Orde de Santiago: que no hospital de San Marcos de León poñan doce camas: oito para homes e catro para mulleres. E que o hospitaleiro reciba ben os pobres e lles dea consolo e esmola.



NA ACTUALIDADE

AVISO


Só poderan usa-los albergues os peregrinos que veñan a pé, en bicicleta ou a cabalo, non os que veñan en coche. Só poderan permanecer un día no albergue.

Hai asistencia médica.

É necesario presenta-la Credencial de Peregrino para usa-los albergues.

A CREDENCIAL DE PEREGRINO


Na ma Idade Media o peregrino levaba unha carta de identificación.



5ªA

Carmen Venté

LENDAS XACOBEO 2010



Milagre de Santo Domingo da Calzada onde cantou a galiña despois de asada

Un rapaz peregrinaba cos seus pais a Santiago de Compostela. Ó chegar a Santo Domingo da Calzada, foi acusado inxustamente dun roubo e aforcárono. Os pais fixeron a peregrinación, e cando volvían, oíron a voz do fillo dicíndolles que estaba vivo gracias ó Santo. Correron a avisa-lo xuíz, pero este díxolles que o seu fillo estaba tan vivo coma o galo e a galiña que estaba asando no forno. Entón, o galo e a galiña saíron do forno e puxéronse a camiñar e a cantar pola cociña. En recordo disto, na catedral de Santo Domingo teñen sempre nunha gaiola un galo e unha galiña.

Lara Gómez

e

Carmen

García


5º-A





VISITA Á CATEDRAL DE SANTIAGO

PLANO



XACOBEO 2010

Entrase na catedral pola porta da ACIBECHERÍA, e logo báixase á cripta para veneralo sartego cos restos de Santiago.

Despóis subir e darlle unha aperta á estatua do apóstolo que está sobre o Altar Maior.

Lara Gómez 5ºA



Logo percorrela catedral e observar o bo tafumeiro, que é unha especie de ambientador xigantesco cheo de incenso, que o ar der cheira ben.

Para gañalo xubileo necesitase:

- Visitar a tumba do Apóstolo
- Rezar polas intencións do Papa
- Confesarse e comulgar, 15 días antes da peregrinación e tamén realitar unha obra de caridade.



XACOBEO 2010

A nosa visita á catedral remata aquí. ¡Que gañes ben o Xubileo!




Raquel Cobian 5º A



A MIÑA CASA


E. INFANTIL 3 ANOS





A MIÑA CASA

E. INFANTIL 3 ANOS





día das letras galegas

17-5-2010


ESTAS SON AS NOSAS PALABRAS FAVORITAS QUE TROUXEMOS DA NOSA CASA PARA COMPARTIR:




COLEXIO

E. INFANTIL 4 ANOS













UN CASTELO

E. INFANTIL 5 ANOS




Nun castelo medieval
a princesa Perla e
o lefón están a xogar
sando o lefón conta chistes
a princesa ri, ri, ri.
sando o lefón tosa a feauta
a princesa canta e baila Inf 5 anos.





UN CASTELO

E. INFANTIL 5 ANOS







UN CASTELO

E. INFANTIL 5 ANOS



UN CASTELO

E. INFANTIL 5 ANOS





Xadrez na Escola

Torneo Interno Mundiño



A participación no Torneo foi numerosa. Houbo que facer varias quendas por falta de taboleiros . Coa achega, neste curso, da ANPA, xa temos material dabondo para mellorar o torneo nos vindeiros cursos. **Os finalistas por ciclos** foron os seguintes:

1º CICLO	2º CICLO	3º CICLO
1º Germán Abad De La Cierva (2ºA)	1º Esteban Doporto Fernández (3ºB)	1º Javier Dasilva Ruano (6ºA)
2º Alexandre Aboal Sancristán (2ºB)	2º Antonio Dacosta Fociños (3ºB)	2º Andrés Serrano Freijeiro (5ºA)
- Pedro Pérez Maquieira (2ºC)	- Joaquín Bermúdez López (3ºA)	3º Alberto Abad de La Cierva (6ºA)
- Alejandro Millán Martínez (2ºC)	- Segio Carbajo Pérez (3ºA)	- Pablo Valiño Moreira (5ºC)
	- Clara Abad de La Cierva	- Manuel Dacosta Fociños (5ºA)
	- Amalia Ferrer Doporto (4ºB)	- Clara Domínguez Chapela (6ºB)
	- David Sineiro Barreiro (3ºC)	- Daniel Soto Vilán (5ºC)
	- Victor Velasco Ferreirós (3ºC)	- Miguel Docal Area (5ºC)
		- Miguel Sineiro Barreiro (5ºC)
		- Diego Carbajo Pérez (5ºB)

ENDL



Xadrez na Rúa I



XADREZ NA RÚA

"A cidade, lugar para vivir e convir"



1º XORNADAS INTERESCOLARES



OBXECTIVOS

- Fomentar a relación entre as comunidades educativas.
- Utilizar as prazas públicas como lugar de convivencia e de xogo.
- Dar a coñecer o xadrez como xogo educativo.
- Utilizar a nosa lingua nos deportes e xogos populares .



CENTROS PARTICIPANTES

- * CEIP CAMPOLONGO
- * CEIP A XUNQUEIRA II
- * CEIP VILLAVEDE-MOURENTE
- * CEIP FROEBEL
- * ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE XADREZ



Todos de Pontevedra cidade



Día D. PREPARATIVOS



Xogando.Xadrez Xigante.

Explicación do famoso Mate da ópera de Murphi



A colaboración dos país a nivel particular, da ANPA, da FANPA, do Concello , e da Escola D. Municipal de Xadrez, fixo que a Xornada Xadrez na Rúa fora todo un éxito. A actividade vaixe presentar como un proxecto dentro das Escolas Unesco nas Xornadas que se celebrarán a o 30, 1, 2, 3 de xuño e de xullo.

A presentación do Proxecto podedes vela enteira no **bloque de normalización lingüística**, dentro da categoría (índice), **Xadrez**, co título: **Proxecto Xadrez na Rúa.**

ENDL



Xadrez na Rúa II



A actividade estivo rodeada dos **traballos** que fixeron os alumnos, do **torneo interno** (Mundiño), do **apoio** e do xogo **informático**, da **exposición** de diferentes xadreces, **dos agasallos**, da **difusión** da actividade ... E tamén, da participación **de dous grandes mestres**, o MI (mestre internacional) **Daniel Rivera**, que explicou o famoso "Mate da Ópera", e do **do ex – alumno** invidente de Campolongo, **Ramón Escudeiro**, que fixo unha simultánea con con tódolos alumnos que quixeron en grupos de 5.

Na **exposición** destacaron dous xadreces, un de Perú, con figuras dos Mayas, e outro xa europeo, con pezas de cerámica. Destacar tamén, a colaboración O **"Xogo na rede"** poderedes atopalo na páxina web do cole, en: **Xogos, Educación física**, e tamén no bloque de normalización lingüística: www.blogoteca.com/nlcampolongo/ A actividade estivo rodeada dos **traballos** que fixeron os alumnos, do **torneo interno** (Mundiño), do **apoio** e do xogo **informático**, da **exposición** de diferentes xadreces, **dos agasallos**, da **difusión** da actividade ... E tamén, da participación **de dous grandes mestres**, o MI (mestre internacional) **Daniel Rivera**, que explicou o famoso "Mate da Ópera", e do **do ex – alumno** invidente de Campolongo, **Ramón Escudeiro**, que fixo unha simultánea con con tódolos alumnos que quixeron en grupos de 5. Na **exposición** destacaron dous xadreces, un de Perú, con figuras dos Mayas, e outro xa europeo, con pezas de cerámica.

Destacar tamén, a colaboración O **"Xogo na rede"** poderedes atopalo na páxina web do cole, en: **Xogos, Educación física**, e tamén no bloque de normalización lingüística: www.blogoteca.com/nlcampolongo/



AGASALLOS

Para Gonzalo
o rincho dun cabalo.



Para Nicolás
as plumas dun paspallás.



Para Irene
uns tenis para que entrene.



Para Miguel
un rico tarro de mel.



Para Alba
un xeador de laranxa.



Para Noah
un conto da súa avoa.




Para Martín
un amigo mandarín.



Para Álvaro
o rechouchío dun paxaro.



Para Ana
unha agarimosa nana.



Para María
o anel da súa tía.



Para Juan
un anaco de pan.



Para Ana Rut
un enorme mamut.



Para Isaac
o máis elegante frac.



Para Roberto
unha entrada para o concerto

Para Paloma
unha boneca moi mona.



Para Abel
o sombreiro do coronel.



Para Iago
un paseo por un lago.



Para Elena
unha rica madalena.



Para Alicia
moitos días de ledicia.



Para Yaira
a miña mellor lembranza.





Para Piruco
un reloxo de cuco.



Para Sandra
a máis pequena landra.



Para Pedro
un sabroso pexego.



Para Marcos
tres diminutos barcos.

Para Noa
unha viaxe en canoa.




TRÁBASEME A LINGUA

O meu nariz
está engurrado.
Quen o desengurrará?
O desengurrador,
que o desengurre,
bo desengurrador será.



O meu vestido
está esbrancuxado.
Esbrancuxado
non debe de estar
desembrancuxádemo
desesbrancuxádemo
se ma podedes
desesbrancuxar.



A miña libreta está emporcallada
emporcillada non debe de estar.
Desemporcilládemo
desemporcilládemo
se ma podedes
desemporcillar.



A miña camisa
está abotoada.
Quen ma desabotoará?
A desabotoadora
que ma desabote
boa desabotoadora será.



Colectivo 4º-C.



A Primavera

O inverno xa está acabando,
 a primavera xa está chegando.
 As flores xa están asomando,
 os nenos están xogando.
 Os paxaros pian: o inverno xa está acabando.



Cristina V. Z. C.



Blogue do ENDL

Equipo de Normalización Lingüística



MUNDIÑO

GALICIA digo eu
 GALICIA dicimos todos
 A forza do noso amor
 Non pode ser inútil

Uxío Novoneyra






[Uxío Novoneyra na CGEN](#)

Somos un grupo de mestres que desexamos as Milprimaveras para a nosa lingua e que intentaremos cultivar as palabras como no seu día fixo o erudito Frei Martín Sarmiento.

[Líña Multideporte Interna](#)

[Decretazo](#)



Verbas do Courel I

Flairas 	Loairas 	Piquelo 
Porraquiña 	Primachorros 	Tesos 

Flaira: Póla pequena que xa ten follas.

Loaira: 1. Pequeno espazo de sol entre dúas chuviairas. 2. Feixe de luz ou de calor que emana dunha fonte luminosa.

Neste curso acompañounos o blogue do ENL (Equipo de Normalización Lingüística).

A **mascota** que o presenta é **Mundiño**, a gañadora no concurso que fixemos no centro. Nel fomos recollendo todas aquelas novas que estiveran relacionadas coa a nosa lingua. Xa temos máis de 300 artigos clasificados en diferentes **Categorías**: Cantigas, contos, celebracións, poesía, humor, música, curiosidades, saúde, xogos, mandas, receitas, fotos, historia, vídeos, entrevistas, ...

No que levamos de curso xa estamos preto das 14.000 entradas .

No bloque pódese entrar ben pola páxina do colexio, en **ENL**, ou ben poñendo nos buscadores (google...): **nlcampolongo**

O enderezo completo é: <http://www.blogoteca.com/nlcampolongo/ENDL>




Excursión dos de 4º a Porto I



○ noso colexio participou o 16 de Abril nos "I Jogos San Telmo" en Porto, Portugal.

- Os xogos eran:
- "Futebol de 7"
 - "A Mata"
 - "Xadrez"



(Nos quedamos de 1º e 3º en xadrez)

Ó rematar, fixemos unha volta pola ribeira do Douro, e vimos o barco rubelo, o tranvía eléctrica, o casco vello, a Ponte de Arrábida, o Palacio da Bolsa, o heliporto.....

Amalia



Excursión dos de 4º a Porto II



Equipo de 4ºB



Equipo de 4ºA



Equipo de 4ºA



Equipo de 4ºB



Xogando ó xadrez



Aquí vedes algúns dos equipos que fixemos, non están todos porque realmente eramos seis. Nun principio contábase facer equipos mixtos cos outros colexios pero andabamos mal de tempo e fixéronse axiña equipos masculinos e femininos por grupo, 4ºA, 4ºB e 4ºC. Logramos empatar algún partido pero de gañar nada de nada, eles eran dun curso superior, de 5º, e ben que se notou a diferenza. Menos mal que connosco viñeron **Amalia e Lucía**, as xemelgas de 4ºB, e puidemos quedar de **1º e 3º en xadrez**.



Estaba previsto xogar tamén a bádminton pero comentáronnos que onde xogamos non había infraestrutura.

ENDL



AMOR Á AUGA

Amor á auga
 Única no mundo
 Gotiñas douradas
 Amiga dos peixes
 Ignorada e malgastada
 Maltratada e contaminada
 Poderosa e necesaria
 Rica e saudable
 Estrela do planeta
 Salgada doce
 Cantas para nós
 Imaxínote limpa
 Nova pura san
 Deusa da vida
 Imposible non usarte nin
 Beberte nin gardarte
 Libre corres pola terra
 Estamos ao teu lado.



4º A



DÍA DA AUGA

Auga fonte de vida,
Uun tesouro inigualable
Graciosa, lixeira, leoa,
Amonte da humanidade.

Imeades as nosas terras
Máis, ás veces es salteaxe
Panxos lelos formas e
Rexeres os paisaxes
E mostrando a vida de todos esos lugares
Serena, mansa, tranquila leixos as nosas
Cidades que reciben o agorismo
Imaxinando bondades
Ningúen te rechazará
Delemos sempre caidante
Emplicámonos, adherímonos á
Belza que reportes
Leas a riqueza a todos
Ea vida en cada instante.



Colectivo 4ºB



DÍA DA POESÍA

Primavera das letras.

Orfeo dos nenos.

Estrela que

Susurra na mente.

Invades os sonos de

Amizade e agarimmo.

AMOR

Naces no corazón ramorado

E teces a rosa emaxinación.

Gamniños da man dos

Esperanzados e


Sempre o faz con paixón.

Rogochas os maiores tesouros en

Recunchos máxicos que

Tidean a paz e o

Amor.



Colectivo 4º B



A CIDADE DAS ÁRBORES

Esta é Vilarboriña, unha pequena vila onde habitan dende os insectos máis miudiños ata os osos máis xigantescos. No centro do lugar está instalado o circo máis visitado do mundo. Polas súas estradas circulan os coches máis ecolóxicos do país, mentres que no ceo, ás veces se poden ver helicópteros manexados por esquíos.

Todo ía ben ata que chegaron os leñadores, uns seres enormes e malvados aos que ningún dos animais podía vencer. Nin os ratos, nin os ngomos, nin os mouchos, nin sequera os esquíos pilotos estaban dispostos a quedar sen a súa árbore-casa. Por iso, colleron unhas cordas dos seus rochos e armados de valentía seguiron aos leñadores ata un gran val. Sabían que o seu plan era talar todas as árbores que atopasen, así que... contaron ata tres e tiráronse contra eles, amarráronos cun nudo mariñeiro imposible de desfacer e deixáronos inmóbiles. Ao telos suxeitos, decidiron falar con eles e intentar chegar a un acordo.

Finalmente, os cidadáns de Vilarboriña recomendaron aos humanos que escoitasen música, pois, ademais de divertirse, non molestarían a ningún nin destruírían un lugar especial e querido polos animais.



Paloma Otero López 4º C



AS RUTAS DO SEXTO A



O ano 2010 é Ano Santo. Os peregrinos fan distintos camiños: o camiño Francés dende Roncesvalles, o Portugués dende O Porto, a Vía da Prata dende Sevilla, o camiño Norte dende Irún....

Todas para chegar a cidade de Santiago de Compostela.

Os alumnos de 6ºA fixemos eses camiños mediante redaccións e traballos coa nosa imaxinación e buscando moita información en todas as fontes posibles: internet, enciclopedias, libros, nosas familias...

Unha viaxe sen cansazo, extraordinaria, para coñecer máis a xeografía, a historia e o arte de España, Portugal e como non!, ata da nosa cidade, Pontevedra.

É bonito facelo a pé, a cabalo ou na bicicleta, pero na forma en que o fixemos nós, foi moi divertida, una boa experiencia e ademais increíble a cultura que adquirimos.



Anai Lariño e Laura Díaz 6º A



O CEBREIRO

Cando chegamos ao Cebreiro vimos un mar cubrindo todo, pero non un mar de augas senón un mar de néboa, era fermoso, era como se puideses andar por enriba do mar, aínda que fose de néboa; eu cría que cando chegásemos non íamos ver algo así, pero equivocárame; despois de escalar una montaña ben alta, alí estaba, xunto cun amencer, o mar



de néboa que sempre quixera ver, era impresionante, os tenues raios do sol o amencer bañaban toda o cume do Cebreiro, alí estábamos, sen fala, debaixo dun mar de nubes e



néboa polo que asomaban pequenas illas e submarinos; son os picos das montañas máis baixas rodeadas pola bruma.



Máis tarde, camiñando, vimos moitas das típicas pallozas, construcións tradicionais da comarca da Serra dos Ancares. Estas pallozas foron utilizadas como vivendas ata a segunda metade do S.XX, persoas e animais convivían baixo o mesmo

teito, destinando una parte á vivenda, e outra, á corte para o gando.



Son redondas ou ovaladas con paredes de pedra (lousa ou granito); o teito ten forma cónica e é de palla de centeo, breixo ou piorno.

Por outro lado estaba o Queixo do Cebreiro, os Reis Católicos, Carlos III e Isabel de Portugal son algúns dos monarcas dos que se sabe documentalmente que coñeceron o Queixo do Cebreiro, un produto que no século XVII era o cuarto mais caro do mundo, pero que en 1989 só se fabricaba para o autoconsumo. O manxar de reis recuperouse e volve gozar agora do seu merecido prestixio.



O Queixo do Cebreiro é un queixo fresco, de pasta branca, branda e granulosa, elaborado con leite de vaca.

Esta moi bo, deixáronnos probar o queixo nun bar ao que fomos pola tarde. É un queixo peculiar polo seu sabor e a súa forma de fungo ou gorro de cociñeiro; tamén é peculiar pola súa traxectoria ao longo da historia.

Tamén hai una lenda do Cebreiro: conta a lenda do Santo Grial de Galicia, que un paisano da aldea veciña de Barxamaior, acudiu nun día dunha gran nevada a tomar a comunión, foio único e o cura lle dixo que "non merecera a pena", o milagre obrou e o pan e o viño convertéronse en carne e sangue.



Ademais vimos o cruceiro cun precioso atardecer.

Estou segura de que vou repetir, noutros lugares non hai cousas tan bonitas coma as de aquí.

Carolina Castro 6ºA



DO CEBREIRO A PORTOMARÍN

Dende o Cebreiro fomos a Samos, onde nos atopamos cunha curmá do meu pai que vive alí.



Ela levounos a ver o mosteiro de San Xulián de Samos no que viven monxes beneditinos. O seu nome procede da palabra sueva samanos, que significa "lugar onde viven relixiosos en comunidade". Segundo a lenda fundouno San Martín Dumiense no século VI.

Un incendio no ano 1558 estragou todo o Mosteiro.

No século XIII neste mosteiro había uns monxes encargados de atender aos peregrinos.

No século XVIII, durante tres días os peregrinos podían comer no refectorio do mosteiro a mesma ración que daban habitualmente aos monxes.

Carme, a curmá do meu pai, acompañounos a Sarria porque xa fora alí e nos quería explicar un pouco sobre esta vila.

Sarria é unha vila importante; a súa orixe é da época romana. Nesta vila o 24 de Setembro de 1230 morreu Afonso IX, vítima dunha grande enfermidade, cando peregrinaba a Compostela para dar grazas pola reconquista de Mérida. Os seus edificios máis importantes son a Igrexa do Salvador, o Hospital de San Antonio e o Convento da Magdalena.

Destes tres edificios o que máis me gustou foi o convento da Magdalena. Carme explicoume que é do ano 1200. Poucos restos quedan do edificio levantado durante os séculos XII e XIV nas aforas da vila.

Carme deu nos unha crema para as bochas e despediuse porque ia para Samos; nós, a Portomarín.

En Portomarín vimos a igrexa de San Pedro, que era o primeiro templo que os peregrinos encontraban ao entrar, e a igrexa de San Nicolás.

A igrexa de San Nicolás é un templo dunha soa nave de cinco tramos. Recibe a iluminación a través de dous rosetóns e das ventás abertas en cada un dos tramos da nave.

Ao rematar o día estábamos esgotados e tiñamos os pes magoados; por iso fomos ao albergue para descansar e prepararnos para a seguinte etapa.



Catuxa Andón 6ºA.



O CAMIÑO PORTUGUÉS: DE PORTO A PONTEVEDRA

Tempo despois de facer o camiño francés, xa completamente repostos, xurdiunos un novo reto. Recorrer o camiño Portugués, dende Porto ata Pontevedra. Esta ruta, cunha lonxitude aproximada de 170 quilómetros, parte da segunda cidade máis importante de Portugal e pasa por cidades tan coñecidas como Barcelos, Valença, Tui, Redondela e Pontevedra. Facendo o traxecto a pés sen parar, botaríamos



aproximadamente 36 h.; pero como o imos facer máis a modo, tardaremos un seis días.

Deste xeito, con todo preparado, partimos de Porto, fermosa cidade, situada as beiras do río Doiro. Data da época dos romanos, cando se chamaba *Portus Cale*. A mediados do século XI

converteuse en capital do condado Portugués. A súa catedral románica foi transformada na época barroca, sendo tamén desa época a Torre dos Clérigos. A igrexa do antigo convento do Pilar, con claustro circular, é do século XVI. A ponte Lois I, feita de metal, é obra de Eiffel e cruza o río Doiro.

Camiñando, chegamos ata Barcelos, cidade coñecida pole "Lenda do galo de Barcelos", o cal é un dos símbolos distintivos de Portugal.

Conta a lenda que un peregrino galego saía de Barcelos camiño de Santiago de Compostela, cando foi acusado de roubar a prata a un terratenente, polo que foi condenado á forca. Como ultima vontade, pediu ser levado ante un xuíz, o cal atopábase comendo un galo asado. O peregrino dixo como proba da súa inocencia, o galo erguerase a cantar. O xuíz botou o prato de lado e ignorou as palabras do home. Mais, no momento en que estaba sendo aforcado, dándose conta do seu erro, botouse a correr cara á forca e descubriu que o galego salvárase grazas a un nó mal feito.

Segundo a lenda, o galego volveu mais tarde para esculpir o cruceiro do señor do galo que





agora se atopa no museo arqueolóxico de Barcelos.

Seguindo o noso camiño cara o norte, chegamos a Valença do Minho, situada á beira deste río, que conta cunha antiga fortaleza moi ben conservada. Alí atopamos a igrexa de Santa María dos Anxos, do século XIII.



Cruzando o río Miño, entramos

en Galicia e nos atopamos a cidade de Tui.

Tui é unha vila histórica que garda un rico patrimonio de monumentos medievais, entre os que sobresaen a catedral de Santa María de Tui e o convento de Santo Domingo. Tui, coma moitas poboacións medievais, conserva restos da muralla que rodeaba a cidade, como a Porta da Pía. Destaca tamén a Capela Barroca de San Telmo, do século XVIII, patrón da cidade.



Continuando a nosa ruta cara a Pontevedra, pasamos pola vila de Redondela, na que destacan os seus viadutos de ferrocarrís, declarados

"monumentos históricos artísticos". Atopase nun marco de beleza incomparable: a Illa de San Simón, o estreito de Rande.....



Rematamos este traxecto ao chegarmos á monumental vila de Pontevedra, parada obrigada na ruta Xacobeia Portuguesa, coñecida polo seu ben conservado centro-histórico artístico.

Estamos desexando recorrer a nosa cidade coa nova perspectiva de ser peregrinos de camiño a Santiago.

Luís Fariña Lázaro 6º



O DÍA DO LIBRO


O Día Internacional do Libro é unha conmemoración celebrada a nivel internacional co obxectivo de fomentar a lectura. A elección do 23 de abril como Día do Libro procede da coincidencia do falecemento dos escritores: Miguel de Cervantes, William Shakespeare e Inca Garcilaso de la Vega na mesma data no ano 1616.

No colexio dedicámoslo a Aurora Vidal Martínez que neste ano cumpriría o seu centenario. Esta muller pontevedresa que dedicou a súa vida a ensinanza, elaborou unha importante obra literaria (en galego e Castelán) ata hoxe inédita en boa parte.



Visitáronos as sobriñas de Aurora Vidal. Elas faláronos de vida da súa tía e recitaron algúns dos seus poemas.

Algúns nenos dos tres sextos recitaron poemas desta escritora e un compañeiro da miña clase atreveuse cun en italiano. Un dos poemas que limos foi este:



Froliñas

*Froliñas que o vento arrola
no regazo da mañán,
vinde a cubrir o meu sono
de espiñas e soedá.*

*Vinde, froliñas desfeitas,
na lira do meu cantar,
a fiarme os pensamentos
na roca do bo luar.*

*A frolecer no meu peito,
cansado de camiñar,
onde teño ágoa serea
da fonte da eternidá.*

*Vinde froliñas sinxelas,
anaquiños do pina!,
que teño un berce na i-azma
feito de brancas sabáns.*

*Teño un novo paxariño
que pasa o día a brincar,
na espadaina do meu verso,
nos milleiros do meu pan.*

*T eño unha vaquiña loura
compañeira do meu lar,
para tere leite de estrelas
cando volta a namorar.*

*Froliñas que o vento arrola,
que eu prantei na mocedá,
de nenos e paxariños
sede xoguetes nas mans.*

Teresa Lucía Otero Beloso 6º C
Lucía Martínez Sánchez Gabriel 6º C



AURORA VIDAL MARTÍNEZ

Pontevedra 1910-2005. Naceu o 28 de agosto. Estudou maxisterio en 1931. Cursou o grao profesional e exerceu a ensinanza como mestra dezmilista, en diversos destinos de Galicia, Castellón e Canarias.

A súa condición de escritora manifestouse moi cedo, colaborando en distintas revistas literarias daquela época.

Participou durante moitos anos na vida cultural da capital de Lérrez, especialmente nos ámbitos da lírica e o teatro. Paralelamente a súa actividade docente, e con tenacidade e fonda vocación, elaborou unha obra en Galego e Castelán de notable amplitude.

As súas palabras :

" Amo a verdade
 porque
 embelce o espírito
 e enche
 os ollos de
 claridades."



Zeltia Augusta Pino Rodríguez 6 C



SEGURIDADE VIAL

Texto: Hugo Verdeal 5º

Fotos: Pablo Sueiro 5º

O día 28 de abril os alumnos de 5º de Primaria fomos aos "cars". Alí estaba o policía que xa nos dera no colexio dúas charlas sobre a seguridade vial. Nada máis chegar sentámonos nun banco e recordounos as normas de circulación vial; regalounos unha camiseta, unha gorra e unha regra que servía de brazaquete reflectante e que levamos postos durante toda a actividade. No circuíto había semáforos, pasos de peóns, sinais,...

O policía repartiunos en tres grupos e en cada un tiñamos que facer uns nenos de peóns, outros de ciclistas e os que quedaban de conductores de "cars".

Foi moi divertido.

Estabamos
toños



Outros en coche

Uns en bici




E outros
andando



A nena das flores

Había unha vez unha nena á que lle gustaban moito as flores. Pero un día que foi ao seu xardín... ¡Oh non! As miñas flores están secas. Agora que vou facer? Ao día seguinte as flores seguían secas, entón a nena tivo unha idea: Colceu a súa regadeira e empezou a regar as flores. E as flores volveron a estar ben e fermosas.



MAIO 2010



Pontevedra ponte leda
nesta mañá floreada
aquí chega o noso maio
que espertou na madrugada.

Benvidos á Ferraría
nesta amencida de cores
Campolongo xa comeza
a bater os palitroques.

As letriñas que cantamos
convértense na semente
que florece nesta vila
para ledicia da xente.

Neste primeiro de Maio
os doces airiños, mainos,
con saudoso agarimo
espallan os nosos cantos.

En homenaxe a Lingua
que nas gorkas nos estala
guindamos estas cantigas
pra que non quede ignorada.

Flores fiúncho e pampullos
visten ao maio galante
chega arroupado á festa
coma un señor importante

O equipo dos rapaces
pasamos moitos traballos
para apañalo fiúncho
polos eidos e beirados.

Abre o día e pecha a noite
e nós sempre ocupados
coa procura dos pampullos
terminamos esgotados.

Vén o cuco resoando
pillabán e garuleiro
garda o sorriso nos ollos
e as cantigas no peteiro.

No bico doce do vento
canta o cuco paroleiro
trae acenos de aventura
e o corazón viaxeiro.

Campolongo é noticia
no eido da educación
adscríbennos máis rapaces
sen facer ampliación.

Seica aumenta o alumnado
sen alongar a escola
pensan que masificando
a calidade mellora.

Coma din os entendidos
que hai que baixar a "ratio"
a nos tócanos encher
e dar as clases no patio.

Contando que faga bo
pois como siga chovendo
os z Unidos dos recreos
chegarán ao firmamento.

Aos nenos do colexio
no nos gusta o comedor
ten a comida tan mala
que non se lle ve a cor .

Hai unha sombra que asombra
na loita por ser alcalde
e Telmo promete obras
coma si foran de balde.

Mentres Lores contraataca
cunha versión diferente
dicindo que non fixeron
o que quedaba pendente.

Os concelleiros da vila
póñense a peonalizar,
para que os nosos parados
teñan onde pasear.

Quen nos dera, quen nos dera
que rodando en Pontevedra,
nos lombos das súas rúas
avariase o Mosquera.

Lores acomete obras
que non se dan rematado
dende o Concello ata o Pino
todo se volve valado.

Pontes, paseos, rueiros
e demais actuacións
poñen a Lores mirando
de cara ás eleccións

O Telmo tenlle aprecio
aos que escriben nos xornais
cando fala con Feijóo
lémbrese das súas nais.

Pilla bici, pilla bici,
nós non podemos pillar,
hai que ter catorce anos
para poder circular.

Da Xunta que desgoberna
pouco queda por contar
enchéronnos de promesas
para poderen gañar.



MAIO 2010



Todo o cambio que traían
gastárono en falar
non se coñecen medidas
para poder arrincar.

Din que farán todo novo
para que sexa moderno
á Lingua tamén lle toca
mandala para o inferno.

Van ordenar a paisaxe
e tamén o litoral
ratifican o desastre
como algo natural.

Prados, ríos, arboredos,
piñeiros que move o vento,
todo queda soterrado,
baixo o letal crecemento.

A oposición é feble
ten un furado nas costas
andán moi atarefados
buscando novas propostas.

Maio verde, maio longo,
mira o que pasa aquí
pois governe quen governe
sempre manda para si.

Antes contaban mentiras
agora non din verdades
ladran sempre os mesmos cans
pero con outros colares.

Entre ladrillo e banqueiros
esfumouse o crecemento
e os coitados de sempre
a traballar sen alento.

Zapatero o do talante
o paro e a deflación
agora sobes o IVE
despois virá a ración.

Moito cambio de ministros
e ningunha solución
aos que procuran traballo
non lle serven os sermóns.

Rajoy espera no berce
a que lle arreden as pallas
para entrar de mandatario
gobernando nas migallas.

PONTEVEDRA a boa vila
gran cidade e CAPITAL
que o saíba o mundo enteiro
tamén os que oen mal.

Coa suspensión temporal
e o botín permanente
os políticos corruptos
rinse de toda a xente.

Entre presuntos e traxes
con palabriñas bonitas
saben amañar ao pobo
coma nas mellores citas.

Xa se ve gran contundencia
nos casos de corrupción
miran para outro lado
esperando á salvación.

AVE disque habrá
tamén circunvalación
xa nos cheiran os enganos
máis ca contaminación.

A sanidade é negocio
para os que queren medrar
contratan cos da privada
para nos hipotecar.

Montecelo xa non serve
non se quere ampliar
imos a Monte Carrasco
coa rodeira popular.

Fala Maio, berra alto
para os rudos de oído
a Lingua é desprezada
dende tempo moi antigo.

Chegaron os do barrete
cunha orde que cumprir
paremos aos do Galego
que comeza a rexurdir.

Con este designio a Lingua
agarda a defunción
para que morra contenta
lle piden a "extrema-unción"

E paseniño camiña
ao penal dos aforcados
con sufrimento e aldraxe
coma nos tempos pasados.

Rematadas as cantigas
que falaban deste maio
imos a papir a rosca
que nos deron de agasallo.

Cun adeus nos despedimos
na fermosa Ferraría
Campolongo xa se marcha
co folgar do mediodía.





Correlingua 2010



O noso centro participou o martes día 11 de maio na Carreira pola Lingua: [O Correlingua](#).

O LEMA deste ano foi un verso de Uxío Novoneyra: **A Forza do Noso Amor.**

Nós na pancarta levamos a **Mundiño**, a nosa mascota..

As condicións atmosféricas fixeron que de novo tiveramos que facer esta festa no Recinto Feiral.

Antes de entrar no Recinto Feiral fixemos "A Carreira" (paseo) pola **Illas das Esculturas**.

O centro gañador do [manifesto](#) foi IES PORTA DA AUGA de RIBADEO. Pódese ler no bloque do ENL, na categoría de Celebracións.


<http://www.blogoteca.com/nlcampolongo/index.php>

ENDL



Manifesto Ganador do Correlingua


"A Forza do noso amor"

<p>A nosa fala é nosa, pospola a calquera outra é unha forma de suicidio" Libraremos a batalla se libres quixermos ser facéndolle honor ao seu lema, evitando o xenocidio.</p>	<p>Feixo co seu "Decretazo" pretende facernos memos vendéndonos trilingüismo para evitar o galego</p>	<p>Oxogo non será fácil, os adversarios son traidores, pero temos xuventude, somos moitos, somos fortes; xogamos no noso campo e temos por adestradores a Pondal, a Rosalía, a Daniel e Airas Nunes.</p>	<p>Rompamos as barreiras, xa estamos fartos: Falar queremos galego como os nosos antepasados</p>
<p>Zoa no ar un tempo de represión. Mais Galiza, non teñas medo, que te imos defender "Nunca máis" permitiremos que eses verdugos crueis amordacen a túa lingua, nos repriman por ser fieis. Formamos un bo equipo disposto a te protexer.</p>	<p>Avitoria está cantada, o xogo témolo nós. Xa toca a "Alba de Gloria" do noso querido Daniel oxalá que co seu "Ollo de vidro" el nos estea a ver e poidamos redimilo do seu destino tan cruel"</p>	<p>Dabondo nos maltrataron nos anos da Ditadura á que pretenden regresarnos vendéndonos inter-cultura.</p>	<p>O inglés, ninguén dubida, lingua moi útil é, que sen minguar a nosa propia, ninguén rexeita aprender.</p>
<p>Nunca aprenderás a hablar". "Hable bien, sea patriota" "Eso no es un can, que es un perro, la laverca es una alondra". Con esas armas O nó que sen atar nos una é o nó que nós queremos, o que nos trouxo hoxe aquí: A defensa do galego proclamaron a vitoria. Minguando a nosa estima, ensumindo a nosa gloria</p>	<p>O nó que sen atar nos una é o nó que nós queremos, o que nos trouxo hoxe aquí: A defensa do galego</p>	<p>Somos unha xeración de galegos preparados, a gramática coñecemos, da nosa historia sabemos. Por usar a nosa lingua quen se atreve a insultarnos? Se nos deixamos gañar, non seríamos desleixados?.</p>	<p>O correlingua camiña contigo, Uxío, do Courel a Compostela polas terras liberadas, esas que vós liberastes coa arma das vosas palabras.</p>
<p>A nosa gran Rosalía xogou no Olimpo moi soa e por iso foi alcumada como "a pobriña da tola". Semente foi dunha estirpe de poetas emprendedoras que coa súa lingua tecen a arma máis poderosa.</p>	<p>Mal de linguas din algúns, os que non queren entender que a multitude de linguas é en si un grande ben do que goza a humanidade para chegar a comprender a complexidade do mundo no que lle tocou nacer.</p>	<p>O dito ben dito queda. Xa é a hora da despedida. Agardamos terche aclarado algunha das túas dúbidas para que a partir de hoxe na casa, cos amigos e amigas fales galego por sempre, que o galego tamén liga</p>	<p>Rematamos esta historia Berrando ben alto e forte Para que todos nos oian: "Galiza, a forza do noso amor non pode ser inútil"</p>  <p>MUNDOÑO GALLICIA diga no GALLEGO de todos todos A forza do noso amor Non pode ser inútil LUGO 2008</p>

O centro gañador do [manifesto](#) nesta X edición do Correlingua foi **IES PORTA DA AUGA de Ribadeo (Lugo)**

ENDL

LETRAS GALEGAS 2010



UXÍO NOVONEYRA

(1930, Parada de Moreda 1999, Santiago de Compostela)

É un dos poetas máis persoais da posguerra. A súa nova visión da paisaxe entre as montañas do Courel, levouno a ser coñecido como o "poeta da terra". Moveuse entre o intimismo paisaxista e a poesía civil dos anos sesenta e setenta.

Fillo dunha familia de labregos do Courel, a poesía de Uxío Novoneyra sempre permanecerá intimamente relacionada co escenario do Courel. Estudou bacharelato en Lugo, onde coñece a Manuel María. Logo trasladouse a Madrid, onde

asistiu como oínte á Facultade de Filosofía e Letras e comezou a escribir os seus primeiros poemas, en castelán. Xa en Galicia, e a consecuencia dos seus contactos como Piñeiro, Otero ou Maside, toma a decisión de escribir so en galego.

Uxío Novoneyra desenvolveu unha traxectoria creativa única, en parte debido á súa propia vía. Por motivos de saúde obrigárono a pasar dez anos nas montañas courelás, onde escribe os seus primeiros libros de poemas..

Entre 1962 e 1966 traballou en Madrid na radio e na televisión, sempre facendo tarefas relacionadas coa poesía. Alí mantén unha estreita amizade con Reimundo Patiño e colabora co grupo Brais Pinto e con outros grupos da bohemia madrileña. Logo regresou a Galicia e desde 1983 residirá en Compostela.

Na obra primeira, *Os eidos* (1955), o poeta está en soidade entre os vales e as montañas natais, en comunión co mundo físico. Tense relacionado *Os eidos* co paisaxismo de Noriega Varela, Iglesia Alvariño ou Díaz Castro. Porén, a de Novoneyra é unha poesía máis íntima, arredada da tradición polo seu carácter esencial: é unha poesía da metapaisaxe.

Moito tempo despois, o poeta regresará a esta liña inicial con *Os eidos 2* (1974). En 1981, o autor une *Os eidos* e *Os eidos 2* nunha edición modificada que titula *Os eidos. Libro do Courel*. A obra de Novoneyra é exemplo constante do seu coidado polos recursos expresivos e da súa preocupación polo resultado da poesía. Esa procura motivou que o conxunto da súa obra fose breve.

Nos anos sesenta, as súas propostas ampliáranse cara á preocupación colectiva e a temática política dominante na poesía da época. Tamén Galicia era unha de elas. En *Elexías do Courel* (1966) domina unha maior intensidade conceptual e a actitude contemplativa é substituída por unha intención moral ou social. O ano 1968 é paso fronteirizo entre o intimismo paisaxístico e a poesía civil.

IAGO MARÍA GRANDE IZQUIERDO 6 B



O Moucho da Alameda/Lugo



MOUCHO que cantas pra noite queda
na sombra das floiras tecidas,
fais distas arbores da cidade
un bosque antigo no que eu estiven sempre.

Oíndote, esquezo as casas apezaídas d'orredor
que o teu canto inóra.

Moucho,

nós non somos pra vivir eiquí.
Os dous viñemos de lonxe
e tornaremos outra vez pra aló,
onde o noso misterio se acaí.

Ti icaste, despois que eu me vaía,
unha noite que ningún vele
nesta cidade de nebras e campás vagariñas.

Itziar Velando Pascual 6c



UXÍO NOVONEYRA

(1930-1999)

UXÍO NOVONEYRA FOI UN POETA GALEGO QUE NACEU EN 1930 E MORREU EN 1999. CANDO ACABOU O BACHRILATO EN LUGO, (LUGAR DE NACEMENTO), FOISE PARA MADRID ONDE ESCRIBIU OS SEUS PRIMEIROS POEMAS NA UNIVERSIDADE E DESPOIS VOLVEU PARA GALICIA, EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Foi presidente da Asociación de Escritores en lingua galega. Coñeceu a escritores como María Mariño, Ramón Piñeiro, Manuel María...




Ramón Piñeiro.



María Mariño.



Manuel María.



Martin Pichel Gómez - Lucía Martínez Sánchez Gabriel - Paula Vilas Vázquez 6 C



UXTIO NOVONFYRA

Ada Pouseu 6 C

-Aturuxa a curuxa e canta o cucu medindo o tempo quedo que se para na cor e tornándose contra ún, ven cravar-se no sitio onde máis se sinte...





RECORDOS DE UXÍO NOVONEYRA I

“Courel dos tesos cumes que ollan de lonxe!”

“Eiquí séntese ben o pouco o que é un home...”

“A casa de pedra e cal vella -solaina e ventanas prá serra- Feita fa i cen anos á miña maneira!”



“... Din que eran catro os que os pasearon E que todos iles morreron arrabeados.”

“Eu a ollar pro lume i o lume a ollarme. O lume sen queimarme, fai de min fume...”

Sáquelle o xersei vermello ó rapaz!





Os falanxistas non querían saber nada da cor vermella.



RECORDOS DE UXÍO NOVONEYRA II


“Moitas veces comezábamos catro a gadañar e acabábamos gadañando nove ou



Un día seu tío cóntalle que vira **once lobos xuntos** cando baixaba o gando dos tesos cumes do courel.

Galicia, será a miña xeración quen te salve?
Irei un día do Courel a Compostela **por terras liberadas?**

Non a forza do noso amor non pode ser inútil.



Ata entón , con 20 anos, **non sabía o que era o Galeguismo.**

Logo non deixou de escribir en Galego, influíron entre outros, M. María, R. Piñeiro e outros amigos, dos que moitos estaban no grupo **Brais Pinto.**



Recitando en Galego. 1957

Un dos primeiros en facelo en público.

Amalia e Lucía (4ºB)



UXIO NOVONEYRA

SOPA DE LETRAS

A	Ñ	B	Z	O	M	O	U	C	H	O	S	G	X
D	E	F	S	O	L	C	A	M	P	E	V	D	W
S	O	C	W	A	F	I	A	N	D	E	I	R	A
J	U	X	O	L	E	M	I	Z	O	U	R	C	V
R	I	H	Q	U	F	D	U	L	K	O	N	V	A
X	Y	O	G	T	R	I	Z	B	F	A	L	S	E
M	Ñ	S	U	V	B	E	X	I	R	O	F	Ñ	P
E	F	E	N	C	K	I	L	B	L	J	U	A	X
L	A	I	H	P	U	V	Z	S	V	O	K	N	A
V	T	D	A	S	E	G	T	E	C	A	R	Q	B
I	Z	O	Q	U	H	C	D	I	R	D	A	M	X
R	E	S	I	J	V	J	O	K	B	E	P	R	L
A	N	B	L	I	S	A	N	T	I	A	G	O	M
Y	K	O	Ñ	M	O	Ñ	A	R	L	Z	Q	U	E

1. O moucho

2. A fiandeira

3. Elvira

4. Courel

5. Branca

6. Os eidos

7. Santiago


8. Madrid

Beatriz Moreira 6ºC



UXÍO NOVONEYRA

ENCRUCILLADO



- 1.-Cidade onde foi á Universidade.
- 2.-Editorial que publicou o seu primeiro libro de poesía.
- 3.-Nome da súa filla.
- 4.-Pobo da provincia de Lugo no que naceu.
- 5.-Nome da súa muller.
- 6.-Cidade onde fixo o servizo militar.
- 7.-Cidade onde fixo o bacharelato.

Clara Revenga Sierra 6º C



Xinzo de Limia



Xinzo de Limia

Xinzo de Limia
ten unha lagoa
con moitos animais
garzas e cegoñas.

Xinzo de Limia
é sensacional
cunha fauna
moi especial.

Xinzo de Limia
ten un mosteiro
é moi bonito
pero está moi vello.

Entramos no pobo
e vemos patacas
están moi ricas
pero son moi cara!

No Entroido de Xinzo
hai peliqueiros
que son uns homes
que todo o mundo
lle ten medo.

Sara Castro Susana Durán Pedro Sánchez 5
Irene Comán Dora Rey



Teatro na escola I

Chirlo Merlo na figueira

Obra de teatro interpretada polos rapaces de 4ºC, baixo a tutela da súa mestra Sira Santiago Álvarez.

A obra é unha adaptación do conto de Darío Xoán Cabana, [Chirlo merlo na figueira](#).

Un merlo (Miguel) e uns rapaces teñen unha conversa sobre os figos dunha figueira.

Acadaron os rapaces de 4ºC os figos que vixiaba o Chirlo Merlo? No [youtube](#) de "nlcampolongo" tes a resposta.



Amelia quere ter un can

En "Amelia quere un can", a protagonista, Amelia, contanos que a pesar de que os maiores, ás veces, non queren o que @s nen@s piden, si rematan, ás veces, "entrando en razón" e mercando o que un pide. É cuestión de estratexia.



ENDL



PREMIO CHORIMA

O Premio Chorima naceu neste curso 2009-10 coa finalidade de premiar a algunha entidade ou personaxe pola súa labor de emprego/defensa e/ou normalización da lingua.

A idea xurdiu nos encontros que tiveron neste curso os Equipos de Normalización da Comarca de Pontevedra, dependentes da CGENL (Coordinadora Galega de Equipos de Normalización Lingüística)

Comentar que o Premio quedou aprazado para o curso que ven por un par de razóns:

A primeira, un pouco prevista, foi que comezamos un pouco tarde coa convocatoria, e o ter que coordinalo con outros centros, precisaba de máis tempo para organizalo, pois queríase entregar o premio preto do día das Letras Galegas.

A segunda: é que por un erro de información incompleta, moitos dos candidatos elixidos non son da comarca de Pontevedra, tal e como a coordinadora pretendía.

De todos xeitos imos poñer aquí algúns dos candidatos que se elixiron neste curso:

- O grupo musical Fuxan os Ventos
- O galeguista Avelino Pousa Antelo.
- O actor Luís Tosar
- A editorial Galaxia
- O grupo de teatro Migallas
- O foro E. Peinador
- Xulio Alonso
- A perruquería Barreiro (En Campolongo)
- A froitería "O Capricho"
- Os Mestres Xabier e Nito (de Campolongo)



ENDL

XOGOS INTERACTIVOS NA REDE





XOGO





Descubre por que ó cuco lle chaman cuco

Avifauna no río Gafos.

Primeira parte



Podes escoitar o canto dos paxaros.

Aprender algúns refráns.

Ver a riqueza que hai nun dos nosos ríos



Teoría

Práctica

Videos

Iniciación ó xadrez



Traballo feito no Curso 2009-10 co obxectivo de que tódolos nenos aprendan un divertido xogo e o poidan xogar tanto na casa como na rúa.


Autor: Antonio Ferrer Moreira
aferrer@edu.xunta.es
<http://www.blogoteca.com/nlcampolongo/>



PON A TUA LINGUA NA TUA BOCA

Badminton


Definición



O bádminton é un deporte que se xoga individualmente ou por parellas, é dicir, un contra un ou dous contra dous.

Algunha das cousas que chama a atención deste deporte é que ten certos parecidos con outros, por exemplo co voleibol e o tenis.

Co tenis ten o parecido que se xoga cunha raqueta e que xogan individualmente ou a dobres, e co voleibol, ten o parecido da estética do xogo, que a pelota non ten que tocar en terra e a puntuación. Pero os parecidos acaban aquí, e na práctica, o bádminton non ten nada que ver con calquera outro deporte.




1 ➡

Neste curso fixemos tres xogos interactivos que están colgados tanto na Páxina Web do Colexio, en Xogos, E. Física, como no bloque do ENL (**nlcampolongo**). Dous de iniciación o bádminton e o xadrez, e outro para coñecer a avifauna do río Gafos.

ENDL

ESTUDO DO NOSO CONTORNO




TRABALLO FEITO DENTRO DO PROXECTO ATLÁNTICO DAS ESCOLAS ASOCIADAS DA UNESCO


RÍO GAFOS



NACEMENTO DO RÍO



A VEXETACIÓN



O alumnado de 6º estivo preparando con vídeos e facendo traballos, a saída que imos ter o día 11 de xuño polo río Gafos, no tramo rural. Falarannos dos ecosistemas de ribeira e do seu patrimonio. Estes traballos serán expostos en Lleida dentro do Proxecto Atlántico, acompañando ó xogo "Avifauna do río Gafos".

ENDL





Ría de Pontevedra



COMPORTAMENTO MEDIOAMBIENTAL

- 1- Non botes refugallos nin lixo, especialmente bolsas de plástico.
- 2- Cando viñas á praia, deixa tempo o sitio que ocupaches. Se hai dunas, non as pisés.
- 3- Se tes xardín ou horta, non uses herbicidas, nin agenos artificiais.
- 4- Cando esteas a carón do mar, non o uses como papela.
- 5- Non faças lume nos montes se non está permitido. Sen querer, podes provocar un incendio.
- 6- Cando estés no monte o lixo méteo nunha bolsa e lévaa para casa. Non o deixes abandonado.
- 7- Respecta aos animais e as plantas, aínda que sexan pequenos, e se vires no rural intenta non formar vertedouros.
- 8- Non agardes a ser adulto para coñecer e conservar a ría.



Os de sexto, xunto co río Cifos traballamos tamén a Ría de Pontevedra.

Púxose no blogue "nrcampolongo" o vídeo feito pola APDR (Asociación pola defensa da Ría), e traballouse coa U. didáctica que eles mesmos fixeron.

Todos aprendemos cousas novas. O que máis destacou para facer os traballos foi o "Comportamento Medioambiental". Agora só falta cumprir estas normas e traballar para poder ter un ría en boas condicións para todo o ecosistema que dela depende.



A COMUNIDADE EDUCATIVA DO CEIP DE CAMPOLONGO



Julio Gulín Rivera

Querido Julio:

Os membros da comunidade educativa do colexio de Campolongo, queremos renderche unha sinxela homenaxe a través da nosa revista escolar ESPERPENTO. Permítenos comezar cunha cita do filósofo e escritor José Antonio Marina, extraída da súa obra "Homenaje al maestro".

"De los recuerdos de nuestra infancia emerge siempre la clara figura de una maestra o de un maestro, con quien tenemos pendiente una deuda de gratitud. Suele ocurrir que tardamos mucho en darnos cuenta de su influencia benefactora, y para entonces aquellas personas que sirvieron de puente entre la familia y la sociedad, que suavizaron el desamparo de los primeros días de escuela y nos llevaron de la mano por los laberintos del abecedario y la cultura, habrán desaparecido ya de nuestras vidas. Un homenaje al maestro puede servir para pagar esta deuda de gratitud. Es por ello un acto de justicia poética".

Evidentemente Julio, o sistema educativo e a sociedade en xeral ten contigo unha débeda pendente: o recoñecemento ao escrupuloso cumprimento das túas obrigas docentes e a túa eficacia nas aulas. Te marchas cos deberes feitos despois de cumprir coas túas obrigas docentes, e dicir, prestando á sociedade o servizo que che esixía.

Amigo Julio, o tempo non se detén por iso, agora que voluntariamente tomaches a decisión de acollerte ó nomeamento de LICENCIADO LABORAL, esperamos que a aproveites para gozar de todo aquilo que a túa dedicación ao traballo che impedi.

Desexámosche, que ese merecido descanso despois de tantos anos como docente, se converta nunha etapa de felicidade, de maior liberdade para dedicarte ás persoas ou aspectos da vida que, como dicimos, o traballo cotiá che impedi realizar coa intensidade desexada. Esperamos que cando as túas amizades che pregunten ¿qué tal estás coa xubilación? poidas responder feliz e contento : "Moi xubiloso, é dicir vivindo con xúbilo e ledicia".

Intuímos que estás contento e gozoso, entre outras razóns por irte coa satisfacción do deber cumprido. Pero tamén nos imaxinamos que non poderás evitar mergullarte no pasado, lembrar episodios bos e menos bos, pois de todo terías no teu pasado na vida laboral. ¡Queda con eses bos recordos, que seguro serán moitos e sé feliz recordándoos!

Rematamos dicíndoche: grazas polas túas achegas á docencia, grazas por ensinar tantas cousas ós teus alumnos e felicitacións pola xubilación.

Unha forte aperta de todos os teus compañeiros, alumnos e pais que non che dicimos adeus, senón ata sempre e xa sabes que nos terás a túa disposición cando nos precisés.

A comunidade educativa do CEIP de Campolongo

A NOSA LINGUA NA TUA BOCA
ENDL CEIP CAMPOLONGO

